



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O MINISTERIO DE FOMENTO, A XUNTA DE GALICIA, E AUTOESTRADAS DE GALICIA, PARA A POSTA EN SERVIZO DO ACCESO AO PORTO EXTERIOR DA CORUÑA (AC-15) E A SÚA CONEXIÓN COA AUTOESTRADA AUTONÓMICA A CORUÑA-CARBALLO (AG-55)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Infraestructuras, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Infraestructuras (AXI) ten previsto formalizar co Ministerio de Fomento e Autoestradas de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 31.12.2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Compensar a Autoestradas de Galicia polos percorridos A Coruña – Porto Exterior da Coruña e viceversa e Arteixo – Porto Exterior da Coruña e viceversa, que se realizarán a través da autoestrada autonómica AG-55, os cales serán libres de peaxe para as persoas usuarias.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Ministerio de Fomento executou a obra de Acceso ao Porto Exterior da Coruña (AC-15). Esta obra enlaza coa autoestrada autonómica A Coruña-Carballo (AG-55), que explota en réxime de concesión a sociedade concesionaria Autoestradas de Galicia, Autopistas de Galicia, Concesionaria da Xunta de Galicia, S.A.





O enlace da conexión do acceso ao Porto Exterior da Coruña (AC-15) coa autoestrada autonómica A Coruña-Carballo (AG-55) non contempla que os vehículos que accedan ao Porto paguen peaxe. Polo tanto, produciranse movementos pola AG-55 libres de peaxe nos percorridos A Coruña-Porto Exterior de A Coruña e viceversa e Arteixo-Porto Exterior da Coruña e viceversa.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 3 de xuño de 2016.

